

As carrachas poden transmitir enfermidades graves tanto ás persoas como aos animais.

Traballa seguro no medio natural.
Coñece o risco. Prevén. Protéxete.



COMO PREVIR PICADURAS



Usa roupa adecuada: mangas longas, pantalóns longos e calzado pechado.



Aplica repelente en zonas expostas segundo indicacións do fabricante.



Evita o contacto coa vexetación alta, matogueiras e follas no chan.



Revisa o corpo ao rematar a xornada: especialmente a cabeza, o pescozo, as axilas, as inguas e as sofraxes.



Dúchate canto antes e lava a roupa a alta temperatura.

QUE FACER SE CHE PICA UNHA CARRACHA?

- ✓ **Retíraa** canto antes con pinzas finas, suxeitándoa pola cabeza, sen esmagala e tirando de forma recta.
- ✓ **Limpa** a zona con auga e xabón ou antiséptico.
- ✓ **Vixía** a aparición de síntomas nas semanas seguintes (febre, arrubiamento, dor muscular, cansazo,...).
- ✓ Se tes dúbidas consulta co persoal sanitario.



A detección precoz é clave para un tratamento eficaz.

PARA MÁIS INFORMACIÓN VISITA: <https://issga.xunta.gal>